

MANEXO DO MICROSCOPIO ÓPTICO

Aínda que hoxe en día existen moitos e máis precisos instrumentos relacionados coa Bioloxía, o microscopio óptico é un equipo moi comunmente empregado no laboratorio escolar: serve para aumentar o tamaño dun obxecto un determinado número de veces.

OBXECTIVOS:

- Identificar as principais partes do microscopio óptico (MO), os seus nomes e funcións
- Aprender a manipular correctamente as partes do MO e observar a través del

MATERIAL:

- Microscopio óptico
- Porta e cubre obxectos
- Papel de xornal

PROCEDEMENTO:

1. Identifica no microscopio as partes do esquema e repite os seus nomes.
2. Montaxe da preparación:
 - Corta un anaco de xornal de 1 x 1cm aproximadamente que conteña letra
 - Verque un par de gotas de auga no centro dun porta e deposita sobre elas o cadrado que acabas de cortar (trata de que non se enrugue)
 - Coloca o cubre sobre a mostra tratando de non formar burbullas (baixalo gradualmente, como de canto)
3. Observamos a preparación enfocando o microscopio
 - Move o espello, diafragma e condensador até conseguir unha iluminación axeitada.
 - Coloca a preparación sobre a platina suxeitando coas pinzas
 - Elixo o obxectivo de MENOR aumento xirando o revólver
 - Axusta o enfoque con o parafuso MACROMÉTRICO (enfoque aproximado)
 - Precisa o enfoque co parafuso MICROMÉTRICO
 - Podes aumentar gradualmente de obxectivo

RESULTADOS:

1. Cando estás no primeiro enfoque, move a preparación cara a dereita. ¿Cara que lado se move a mostra?, e cando o fas para a esquerda?
2. En función do que ves co obxectivo de menor a maior aumento, dirías que no microscopio óptico as mostras cambian de posición?
3. A medida que aumentas os obxectivos, a imaxe vése máis grande ou máis pequena?

